ARTE GREGA



1.- Características xerais da arte grega:

Síntese

❑A arte grega é a orixe da arte occidental: os seus elementos e a súa idea de beleza influiron ó longo de 2000 anos na arte europea, xa que veremos o recordo grego na Idade Media, no Renacemento, no Barroco e, sobre todo, no Neoclásico, cando o estudio da Antiguedade era a meta para calquera persoa civilizada.



❑Nestes estilos posteriores, volveuse ás antigas formas gregas como perennes modelos estéticos.

❑A importancia da cultura grega é enorme. Segué influíndonos non só na arte, senón na manera de pensar (filosofía racional) ou na organización política (democracia)

1.- Características xerais da arte grega:

Síntese

-Hai que ter en conta que Grecia foi a cuna cultural da nosa civilización: en Grecia naceu a Historia, a Filosofía, a política, a literatura, o teatro, a ciencia, as matemáticas, deporte, etc.

-A cultura grega era antropocéntrica, é dicir, que estaba ó servicio do ser humán, que era o centro ou medida da arte. ("O Home é a medida de tódalas cousas".)

-A arte grega é unha arte a escala humana, como tamén o era a súa política. A arte está destinada a satisfacer as necesidades da vida pública do cidadán.

O artista grego é un dos primeiros que acada unha certa consideración e liberdade dentro da sociedade, se Ben temos que pensar que era considerado máis ben un artesán.







1.- **Características xerais da arte grega:**

Síntese



❑O artista grego buscaba a harmonía: é dicir, que as partes estivesen sometidas ó todo, tanto si se trataba dun edificio, como dunha escultura.

❑ A beleza era o sentido da medida, a proporción, o equilibrio.

❑Para os gregos, a beleza non era algo abstracto, senón un concepto baseado nun sistema de medidas e de proporcións.



1.- Características xerais da arte grega:

Síntese

- A partir da Grecia clásica, fóronse establecendo unha serie de leis na arte, creándose unha linguaxe que terá unha enorme influencia sobre as civilizacións posteriores, ó aparecer como un modelo perfecto.

- En todo caso, a arte grega é unha arte que Amosa unha enorme evolución co tempo. A arte grega é esencialmente evolutiva.

- A arte grega convertiráse no referente para artes e culturas posteriores como sinónimo do clásico.



Na arte romana…





Na Idade Media…





No Renacemento...







No Barroco...



Neoclásico…





Arquitectura historicista do XIX...




Crédito y
ción



Arquitectura actual....



2- O contexto histórico:

Síntese

- A cultura grega desenvolveuse na península balcánica e illas próximas entre os séculos XI e II antes de Cristo.

- Cara o ano 1000 a.C., Grecia é invadida por unha serie de pobos como os Dorios, que destrúen o imperio micénico.

- Entre os séculos XI e VIII a. C.C, aparecen as Polis (as cidades-estado gregas, pequenos estados en torno a cidades como Atenas, Corinto, Esparta ou Tebas).

- A partir do s. VIII a. C.C, as polis máis importantes de Grecia viaxan polo Mediterráneo, colonizando o norte de África, o sur de Italia e de Francia e o sureste de España (Ampurias y Rosas).



Civilización griega

Invasiones: primero aqueos. Después dorios y jonios

Sientan las bases de la cultura occidental

Territorio muy accidentado permite el desarrollo de unidades políticas independientes pero con elementos culturales comunes



Importancia del medio físico en su actividad económica: base en agricultura y ganadería

Expansión por Asia Menor y por Mediterráneo central y occidental (comercio)

2- O contexto histórico:



Síntese

❑ Entre os ss.VIII e IV, prodúcese o máximo apoxeo cultural e político de Grecia: Atenas e Esparta son as principais polis, representando un o modelo democrático e o outro un estado militar.

❑ Os gregos soportan varias guerras contra os persas e diferentes guerras civís tralas cales quedan arruinados e esgotados.



❑Desde o s. IV ó II a. C, as polis gregas serán controladas polo Imperio Macedónico, creado por Alexandre Magno, situación que será a ruína política das polis, pero que permitirá exportar a cultura grega por todo o mundo antigo, chegando ata Mesopotamia e a India.

❑O fin definitivo da Polis grega, prodúcese no ano 146 a. C., cando Grecia é conquistada polos romanos e convertida en provincia romana. De tódolos xeitos, os romanos non tardaron en asimilar a cultura e a arte gregas, pola admiración que sentían por ese pobo.

Cronoloxía artística:



- **ÉPOCA ARCAICA:** SS. VII-V a. C.

- **ÉPOCA PROTOCLÁSICA:** 480-450 a. C.

- **ÉPOCA CLÁSICA:** SS. V e primeira metade do IV a. C. Período de esplendor que empeza baixo a hexemonía da polis de Atenas e que ve a súa decadencia trala Guerra do Peloponeso

- **ÉPOCA HELENÍSTICA:** SS. IV-I a. C. Este iníciase coas conquistas de Alexandre Magno e péchase simbolicamente coa conquista romana (146 a.C.).

A ARQUITECTURA GREGA



A arquitectura grega: trazos xerais


Alan Witschonke

•Está feita á medida do Home: o edificio forma parte dun conxunto, buscando a harmonía.

•Importancia do número: o ideal de beleza estaba relacionado coa proporción e o equilibrio (peso das matemáticas). Racionalidade e orde.

•Búsqueda da perfección técnica, como parte dese ideal de beleza.

•Arquitectura adintelada ou arquitrabada (liñas rectas). Coñecían o arco e a bóveda, pero a liña recta representaba mellor a perfección e o equilibrio. Predomina o sentido horizontal nas construccións.

•Como aparello, utilizábase a pedra en forma de sillares unidos sen argamasa (os edificios policromábanse posteriormente para destacar algúns elementos).



•Utilización de trucos ópticos para lograr a perfección visual del edificio: lixeira curvatura do entablamento e do estilobato; a éntase ou ensanchamento das columnas (que tamén se inclinan lixeiramente cara dentro)…

LA EDILICIA GRIEGA



El **aparejo de los muros** se hace con **sillares de tipo isódomo**, perfectamente cortados y uniformes, dispuestos **a soga y tizón**, sin ningún tipo de argamasa, cogidos con **grapas de hierro**.



A arquitectura grega: trazos xerais





•A **columna** é o principal soporte.

•O principal monumento foi o templo, pero había outras construccións para o uso do cidadán: Teatros, Palestras, Odeón, Estadios…

•A "**polis**": cidades-Estado. A **acrópole** situabase na parte máis alta, servindo de santuario e fortaleza. O resto da cidade, constaba de edificios administrativos, para o lecer ou o deporte, templos e o ágora ou praza central.





A arquitectura grega: trazos xerais

•A **ACRÓPOLE**, polo tanto, era o elemento urbanístico máis importante das antigas cidades gregas.

•Como zona sagrada ou **santuario**, estaba adicada á divinidade protectora da polis (Atenea, no caso de Atenas).

•Este santuario era como "unha cidade dentro da cidade", e incluía un camiño sagrado para os peregrinos, unha entrada monumental, varios templos, museus, bibliotecas ou un teatro.

•Os santuarios formaban parte dun conxunto e integrábanse na paisaxe, polo que podemos falar de **URBANISMO**.

•Ao arquitecto lle interesaba amosar diferentes puntos de vista do edificio (sobre todo, o exterior).

Acrópole de Atenas (época clásica)



A arquitectura grega: as ordes arquitectónicas

❑Os arquitectos gregos buscaban a inspiración na **natureza**. Crían que a beleza estaba no uso axeitado das medidas e nas proporcións de tipo matemático.



❑ Así, a columna correspondíase a unha **proporción** ou **canon**. Na escultura a cabeza humana era a unidade de referencia.



❑Os artistas gregos foron os primeiros en establecer un conxunto de proporcións arquitectónicas, que darían paso ás **ORDES ARQUITECTÓNICAS.**



❑As ordes son **tres modos de construir dentro dun mesmo estilo.**

A arquitectura grega: as ordes arquitectónicas

❑As tres ordes clásicas principais son: a **DÓRICA** (de orixe continental), a **XÓNICA** (procedente da Asia Menor, e que conviviu coa orde dórica), e a **CORINTIA** (aparece no s. V a.C)



❑Posteriormente, co helenismo, xurdiría tamén a chamada ORDE COMPOSTA. Os romanos aportarían a ORDE TOSCANA (columna dórica pero con base)



❑Estas ordes serían incorporadas despois polos romanos, e durante os seguintes 2.000 anos, empregadas polos sucesivos estilos artísticos, ata a actualidade, constituíndo unha das principais contribucións da cultura grega á arquitectura universal.





Korinthische Ordnung
Jonische Ordnung
Korinthisch
Römisch-Korinthisch.
Kapitäl u. Basis vom Monument des Lysikrates zu Athen.
Kapitäl u. Basis vom Tempel der Athene zu Athen.
Kapitäl vom Tempel der Athene zu Priene.
Kapitäl vom Tempel am Ilissos zu Athen.
Zu 1.2.3.
a Mutuli (Dielenköpfe)
b Triglyphen (Dreischlitze)
c Metopen
d Riemchen
e Kannelirungen
f Sima (Rinnleiste)
Geison
Fries
Architrav
Abacus
Echinus
Säulenhalz
Säulenschaft
Gebälk
Kranzgesims
Fries
Architrav
Kapitäl
a Rinnleiste
b Kreuzleiste
c Konsole
d Kymation
e Abacus
f Volute
g Blattkelche
h Säulenhalz
Säulenschaft
i Wulste
k Kehlkehlen
l Plättchen
m Plinthe
Basis
Vom Tempel in Pastum
Vom Parthenon in Athen
Vom Tempel des Nemeischen Zeus
Vom Tempel am Ilissos in Athen
Vom Tempel d. Athene Polias in Priene
Vom Tempel d. Athene Polias in Athen
Vom Monument des Lysikrates in Athen
Vom Tempel d. Jupiter-Stator in Rom
Dorische Säulenordnung.
Jonische Säulenordnung.
Korinthisch u. Römisch-Korinthisch.


Mestura no capitel das volutas xónicas e das follas de acanto corintias
Mantén a estrutura do dórico, pero con base
TOSCANO
COMPUESTO

A arquitectura grega:
A ORDE DÓRICA





❑ É a orde máis antiga e sinxela. Testemuña do paso da arquitectura de madeira á de pedra. Atopámolo sobre todo na Grecia Continental e na Magna Grecia.

❑ Os edificios nesta orde resultan sobrios, pesados e consistentes ("severos e rudos como o antigo pobo dos Dorios"). "Orde pesada", que "aplasta o edificio", con construccións achaparradas (máis anchas que altas). Horizontalidade.

❑ Os templos dóricos máis importantes son os do Sur de Italia e o Partenón (Acrópole de Atenas.



❑ **CARACTERÍSTICAS:** a columna carece de base e levántase directamente sobre o estilóbato. Componse só de fuste e capitel.

❑ A columna é máis ancha na parte inferior. Presenta éntase (co paso de tempo, o fuste vaise facendo máis esbelto).



❑ O capitel componse de colariño, equino e ábaco. Enriba del, sitúase o entablamento: arquitrabe lisa, friso dividido en triglifos e metopas, a cornixa, e un frontón triangular como remate con esculturas no tímpano.


ENTABOAMENTO
CORNIXA
FRISO
ARQUITRABE
COLUMNA
CAPITEL
FUSTE
MÉTOPA
TRÍGLIFO
GLIFO
ÁBACO
EQUINO
COLARIÑO
ESTRÍAS DE ÁNGULOS VIVOS
ESTRÍAS (20)
ESTILÓBATA
ESTEREÓBATA
BASE DA COLUMNA

ORDE DÓRICA

Templo dórico (Paestum, Sur de Italia)





A arquitectura grega: A ORDE XÓNICA





É máis esbelta cá orde dórica, e tamén máis decorativa. A columna levántase sobre unha base e o fuste non presenta éntase.

•A cultura xonia (Asia Menor), resultaba máis refinada e orientalizante cá dos dorios (pobo agrícola e guerreiro) ;o xónico resulta unha orde máis lixeira, conseguindo o efecto de edificios máis altos

•Capitel cun pequeno colariño; equino decorado con volutas e ábaco decorado con dardos e follas.



•O entablamento consta de: arquitrabe non lisa (tres bandas horizontais); friso liso ou con esculturas; cornixa en saedizo; frontón.

•A proporción entre entre o diámetro da base e a altura é máis elevada cá dórica.

•O fuste dórico recordaba ao “corpo masculino” e o fuste xónico ao “corpo feminino”



•Obtense un edificio de dimensións notables, monumental e grandioso.


ENTABOAMENTO
CORNIXA
FRISO
ARQUITRABE
CAPITEL
COLUMNA
FUSTE
DENTÍCULOS
PLATABANDAS
OVA
VOLUTA
ASTRÁGALO
A CANALADURAS EN CHAFRÁN
ORDE XÓNICA
TORO. BOCEL
ESCOCIA
ESTILÓBATA



Reconstrucción do Templo de Artemisa (Éfeso, Turquía)


Josef Durm
1909

A arquitectura grega: A ORDE CORINTIA





•Máis ca unha orde arquitectónica como as anteriores, é sobre todo un tipo de capitel novo e orixinal.
•Aparece no s. V a.C

•Coincide co xónico, agás na forma do capitel: moi decorativo e de gran efecto estético, decorado con follas de acanto que se dispoñen en dúas ou máis ringleiras (as inferiores moi curvadas cara fóra, e as superiores enroscadas). Complétase con talos enroscados nas esquinas.

•**CARACTERÍSTICAS:** igual cás do xónico, pero cun entablamento moito máis ricamente decorado.






ENTABOAMENTO
CORNIXA
FRISO
ARQUITRABE
CAPITEL
FUSTE
VOLUTA
CAULÍCULO
FOLLAS DE ACANTO
ASTRÁGALO
ORDE CORINTIA


Templo do Zeus Olímpico (Atenas, Grecia)

Outro tipo de columna: A cariátide



Korinthische Ordnung

Jonische Ordnung

Kapitäl u. Basis vom Monument des Lysikrates zu Athen.

Kapitäl u. Basis vom Tempel der Athene zu Athen.

Kapitäl vom Tempel der Athene zu Priene.

Kapitäl vom Tempel am Ilissos zu Athen.

Korinthisch

Römisch-Korinthisch.

Zu 1. 2. 3.

a Mutuli (Dielenköpfe)
b Triglyphen (Dreischlitze)
c Metopen
d Riemchen
e Kannelirungen
f Sima (Rinnleiste)

1

Gebälk
Geison
a
Fries
b
c
Architrav
3 Mod. 7 Part. 3,667 Mtr.
Abacus
Echinus
Säulenhals
d
Säulenschaft
e
8 Mod. 11½ Part. 8,688 Mtr.

2

f
3 Mod. 4½ Part. 3,683 Mtr.
11 Mod. 7 Part. 10,444 Mtr.

3

f
3 Mod. 4 Part. 2,488 Mtr.
10 Mod. 7 Part. 10,339 Mtr.

4

4 Mod. 1½ Part. 2,488 Mtr.
16 Mod. 4½ Part. 4,485 Mtr.

5

4 Mod. 2 Part. 2,976 Mtr.
11 Mod. 11,683 Mtr.

6

3 Mod. 2½ Part. 7,682 Mtr.
10 Mod. 4½ Part. 7,747 Mtr.

7

4 Mod. 1½ Part. 0,816 Mtr.
19 Mod. 3½ Part. 3,151 Mtr.

8

5 Mod. 6½ Part. 3,567 Mtr.
20 Mod. 10½ Part. 13,810 Mtr.
a
b
c
Kranzgesims
d
Gebälk
Fries
Architrav
e
f
Kapitäl
g
h
a Rinnleiste
b Kranzleiste
c Konsole
d Kymation
e Abacus
f Volute
g Blattkelche
h Säulenhals
Säulenschaft
i Wulste
k Hohlkehlen
l Plättchen
m Plinthe
k
k
i
l
m
Basis

Vom Tempel in Pästum

Vom Parthenon in Athen.

Vom Tempel des Nemëischen Zeus.

Vom Tempel am Ilissos in Athen

Vom Tempel d. Athene Polias in Priene.

Vom Tempel d. Athene Polias in Athen.

Vom Monument des Lysikrates in Athen.

Vom Tempel d. Jupiter-Stator in Rom.

Dorische Säulenordnung.

Jonische Säulenordnung.

Korinthisch u. Römisch-Korinthisch.


PLINTO
SEN BASE
FUSTE
CAPITEL
ENTABOAMENTO
FRONTÓN OU FASTIXIO
DÓRICA
BASE
FUSTE
CAPITEL
ENTABOAMENTO
FRONTÓN OU FASTIXIO
XÓNICA
BASE
FUSTE
CAPITEL
ENTABOAMENTO
FRONTÓN
CORINTIA

O templo grego:



A arquitectura grega: o templo grego



•Era o edificio máis importante da arquitectura grega.

•Pasaron de empregar a madeira e o ladrillo a ser construidos en **pedra**.

•Estaban **policromados** e decorados con relevos escultóricos.

•Concebido para ser visto dende fóra e gardar no seu interior a estatua da divinidade (non se celebra culto no interior) “Morada do Deus”



•Podían ser de pranta circular (“**Tholos**”) ou rectangular (a máis frecuente)

•Os **rectangulares** tiñan dúas fachadas con cubertas a dúas augas, formando un frontón triangular, co tímpano decorado e figuras ou acróteras nos extremos

A arquitectura grega: o templo grego

❑Os templos gregos **clasificábanse** segundo o **número de columnas na fronte** (tetrástilo, hexástilo, octástilo…..), se tiñan un ou dous pórticos (próstilo ou anfipróstilo), se estaba ou non rodeado de columnas (períptero….)



❑No seu interior distínguíanse varias partes: PRONAOS ou ´PÓRTICO, CELLA ou NAOS (estancia da divinidade) e TESOURO ou OPISTODOMOS (ofrendas valiosas dos fieis)

Alzado dun templo grego





Templo in antis
(modelo más simple)



Fila de columnas en parte frontal, delante de pronaos

Templo próstilo



Fila de columnas
en parte frontal,
delante de pronaos
y otra en la parte trasera

Templo anfipróstilo

Se forma la perístasis
o pasillo exterior

Filas de columnas
rodean cuatro lados
del edificio



Templo períptero

Dobles filas de columnas
rodean cuatro lados
del edificio



Templo díptero



Dístilo
(2)



Tetrástilo
(4)



Hexástilo
(6)



Octástilo
(8)



Decástilo
(10)

Clasificación del templo según número de columnas frontales



Partes dun típico templo grego.

Elementos decorativos: grecas

As grecas son liñas ou ringleiras decorativas, que van debuxando distintas direccións, e formando sempre ángulos rectos.



Levan este nome por considerarse un adorno orixinario da Grecia antiga, pero están presentes na arte exipcia, mesopotámica e dos Maias.

É un dos elementos decorativos máis antigos e dos máis empregados, tanto en interiores, como en cerámica, molduras, pintadas ou, incluso, en bordados.





A arquitectura na época clásica: ***a acrópole de Atenas.***



•Na época ARCAICA, a maioría dos templos eran de orde dórica. O xónico xurde a finais desta etapa.

•Tralas guerras contra os persas, os artistas gregos reaccionan: racionalidade e equilibrio fronte á arte dos "bárbaros". Destacan os templos de Afaia (Egina) e o Templo de Zeus (Olimpia, 460 a.C)





•O período CLÁSICO será o momento máis brillante da arte grega: no s. V a.C, entre o 450 e o 430 a.C, Grecia vive un período de esplendor, sendo Atenas o centro cultural e artístico (Fidias, Pericles, Sócrates, Platón…..

•A victoria sobre os Persas simboliza o triunfo da cultura grega sobre a oriental. A posterior guerra do Peloponeso, a finais de século, arruinaría a Grecia e abriría as portas ao futuro imperio de Alexandre Magno.



•Durante o goberno de Pericles, este emprendeu un ambicioso programa arquitectónico: a reconstrucción e melloramento da antiga acrópole (arrasada na guerra contra os persas), o que daría lugar ao conxunto artístico máis impresionante da Grecia antiga.

Templo de Afaia (Egina, Grecia)



Pericles fronte a Acrópole





•A época de Pericles representa a grandeza e o esplendor de Atenas. A cidade enriqueceuse coa victoria sobre os persas, e decidiuse reconstruir e embelecer a vella e arruinada acrópole.

•A acrópole é unha colina alongada e rochosa, lugar de culto, e que tiña a función de fortaleza e de santuario de Atenas.

•Pericles encargoulle o proxecto ao escultor Fidias, e aos arquitectos Menesicles, Ictinos e Calícrates.
•O resultado final foi un conxunto homoxéneo de edificios, co templo do Partenón como a construcción máis importante.
•Para acceder á Acrópole, percorríase un camiño ou vía sagrada, de modo que os peregrinos e os visitantes íanse sorprendendo co espectáculo dos edificios cos que se atopaban neste recinto.




Maqueta da
Acrópole

Edificios da Acrópole de Atenas:

Camino ritual hacia entrada de Partenón (témenos)

Partenón

Recinto de Artemis Brauronia

Erecteion



Templo Atenea Niké

Adaptación al terreno

Propíleos

Reconstrucción

O Partenón

Lugar máis elevado. Funcións defensivas e espazo relixioso.



Muro sagrado (pelárgikon) rodea a acrópole

Acrópole. Vista xeral

EDIFICIOS DA ACRÓPOLE:

•**OS PROPÍLEOS:** construídos no 436 a. C, forman un gran pórtico de entrada que dá paso ao recinto sagrado.
•Estas portas monumentais, de mármore, constan de columnas dóricas e xónicas.
•Teñen forma de fachada de templo xónico, cun corredor de entrada para acceder á vía sagrada do recinto.
•Buscan o efecto de "telón teatral ou escenario", que prepara ao visitante para o que vai ver no interior do santuario.
•Dispoñían tamén dunha biblioteca, unha pinacoteca e outros edificios auxiliares.





Aspecto actual dos Propileos



Reconstrucción ideal dos Propileos



EDIFICIOS DA ACRÓPOLE:

•Xa no interior da acrópole, disponse o Templo de Atenea Niké á dereita, a estatua de Palas Atenea, o Partenón ao fondo, e o Erecteion á esquerda.



EDIFICIOS DA ACRÓPOLE: templo de Atenea Niké






Templo de Atenea Niké
Propileos e entrada á Acrópole







A cidade de Atenas ao fondo




Friso corrido con relevos da Batalla de Platea (gregos e persas)
Orde xónica (volutas)
2 piares cadrados no acceso en vez das 2 columnas in antis
Columnas monolíticas (sen tambores)
Templo tetrástilo (4 columnas)




Sillería a base de soga e tizón



Restos das esculturas do friso, atribuídas a Calímaco





Niké atando a sandalia. Parte do parapeto do Templo de Atenea Niké



Parapeto do Templo de Atenea no Museo da Acrópole

Fotografía da Acrópole en 1893

ACROPOLIS. BEULÉ GATE, PROPYLÆA. TEMPLE NIKE



Beulé Gate 5½ ft wide excavated 1853 by French savant Beulé - Date erection uncertain but of late period. Bastions Turkish.

" A road running zig zag up the slope, practicable for chariots led from the lower city to the ACROPOLIS on the edge of the
" platform of which stood the PROPYLÆA - On entering the gates a scene of unparalled grandeur and beauty met the eye. No trace of human dwellings
' anywhere but on all sides temples of Pentelic marble beautiful in design and exquisitely delicate in execution sparkled like piles of alabaster in the sun.
' On the left stood the ERECTHEION or fane of Athena Polias, on the right that matchless edifice THE PARTHENON. Other buildings all holy to the Athenian
' lay grouped about these master structures and in the open spaces were statues some remarkable for their dimensions, others for their beauty and all for
' their legendary sanctity. Our best furnished museums are poor collections of fragments compared with the assemblage of gods and heroes which peopled the
" ACROPOLIS. "

J. A. St JOHN. The Hellenes.

3-31

EDIFICIOS DA ACRÓPOLE: O PARTENÓN



Fidias, coordenador das obras do Partenón e autor da decoración escultórica.







Reconstrucción ideal do Partenón




Opistodomos
Partenón
Columnas jónicas
Pedestal de la estatua de Atenea
Naos o Cella
Pronaos


Tímpano
Tejado a doble agua o vertiente
Acrótera
Triglifo
Capitel dórico
Estatua criselefantina de la diosa Atenea
Ábaco
Naos
Columna dórica
Columnata dórica
Crepidoma
Procesión de las Panateneas
Altar





A fachada principal oriéntase cara ao leste, de espaldas aos propíleos, e cara o lugar por onde sae o sol.

Vista actual dun dos laterais do Partenón



Obras de conservación do templo



As columnas están formadas por tambores circulares, unidos por un vástago metálico central.






D
E
A
B
C



• Perístilo e entaboamento inclinados cara ó interior para corrixir a sensación de virse sobre o espectador

• Columnas máis grosas nas esquinas para que non parezan menores ó recibir máis luz

• Diferente distancia entre columnas, diminuíndo nas tres angulares

• Columnas con éntase, alombamento do fuste para conservar a ilusión de verticalidade evitando a sensación de concavidade no centro

• Arqueo do crepidoma e do entaboamento para corrixir a sensación de afundimento que se produce nas liñas horizontais longas

frontón, cun tímpano decorado con fermosas esculturas.

Friso dividido en triglifos e metopas con relevos escultóricos



Cornixa.

Arquitrabe lisa

Capitel dórico (equino e ábaco)



Fidias encargouse da decoración escultórica do Partenón.

Decoración: Tímpanos:
Nacemento de Atenea e elección do patrón da Ática.
Metopas:
xigantomaquia, centauromaquia, Amazonamaquia e Guerra de Troya.




Triglifos
Metopas



Proposta de reconstrución do frontón occidental



Proposta de reconstrución do frontón oriental





Dionisos



Posiblemente Iliso, el dios-río



Kore y su madre Démeter, diosas de la fertilidad



Caballo de Helios



Las tres Parcas: Hestia, dios del hogar, Dione y su hija Afrodita.







Posible aspecto do interior do Partenón coa xigantesca estatua de Atenea.

A orientación Leste-oeste tiña o obxectivo de conseguir que o sol nacente proxectara os seus raios directamente sobre a estatua de Atenea no día da súa festa





Imaxinativa reconstrución vitoriana do friso do Partenón



Friso das Panateneas no British Museum








GUERRA DE TROYA (32 METOPAS)
COMBATE ENTRE ATENEA Y POSEIDON
AMAZONOMAQUIA 14 MET.
FRISO: PROCESIÓN DE LAS PANATENEAS
PROCESION.
ESTATUA DE ATENEA
PROCESION.
FRISO: PROCESIÓN DE LAS PANATENEAS
GIGANTOMAQUIA 14 MET.
EL NACIMIENTO DE ATENEA
CENTAUROMAQUIA (32 METOPAS)

Aspecto actual do interior do Partenón



Reconstrucción do Partenón (Nashville, Tennessee. EE.UU)



EDIFICIOS DA ACRÓPOLE: O ERECTEION





EDIFICIOS DA ACRÓPOLE: O Erecteion











Atenea



Erecteo



Cécrops



Poseidón




Olivo de Atenea


Erecteo/
Poseidón
Naos de
Atenea
Pórtico leste
Cariátides


2
N
3
4
1
5
6
10 m


Pórtico das Cariátides (Sur)
Fachada posterior (oeste)
2º templo: dedicado Poseidón, Erecteo e Cecrops
Pórtico Norte
Naos de Poseidón
Naos de Erecteo
Naos de Cecrops
Naos de Atenea
1º templo: dedicado a Atenea
Fachada principal (leste)

Fachada principal
Hexástila e xónica





Interior: espazos moi subdivididos.
Orixinalidade, variedade e peculiaridade fronte á sinxeleza do Partenón

Fachada norte
Tetrástila e xónica

Tribuna ou pórtico das cariàtides
(serve de pantalla para
manter oculta ao
exterior a escaleira



Espazo orixinalmente
semiaberto que permite
contemplación da oliveira sagrada


Acropolis Wall
North Porch
N
Trident
Strike
Pandroseion
(Sanctuary of Pandrosus)
Olive Tree
Altar of Zeus
Pronaos
Shrine of
Erechtheus
Cult
Statue
Shrine
of
Athena
Polias
East Porch
0
(m)
10
0
(yd)
10
South Porch
(Caryatids)

Fachada occidental: orixinariamente constaba de semicolumnas adosadas a pilastras e conectadas entre elas mediante unha balaustrada. Os romanos substituyérona por unha serie de fiestras nun muro cego.



Fachada Norte: pórtico tetrástilo, con dúas columnas laterais en segunda ringleira

Desnivel de tres metros

Tribuna das Cariátides cara ao Sur


Relevos en mármore sobre fondo de pracas calizas azuis
Entaboamento xónico, pero Cornixa dórica


Pórtico Norte

Fachada oeste





Capitel xónico do Erecteion (Atenas, Grecia)









Para outros, representa a escravitude das mulleres de Carie, poboación que apoiou aos persas.

As cariátides miran cara ao Partenón. Sobre a cabeza, o "cestiño", o ábaco e o entaboamento sen friso (arquitrabe con 3 franxas horizontais e cornixa)



Distribución simétrica das seis cariátides con respecto a un eixe central (tres a cada lado, e cada grupo flexiona a perna máis próxima a dito eixe)

Levántanse sobre un pretil de mármore, orixinariamente, sen porta ao exterior.







Outras obras arquitectónicas




Tholos do Santuario de Apolo. Delfos

Mausoleo de Halicarnaso (Bodrum, Turquía)



Lanterna de Lisícrates (Atenas, Grecia)




O teatro grego mellor conservado é o de Epidauro (construido por Policleto O Novo, cara o 350 a.C)
A orchestra (25 m de diámetro)

O urbanismo: plano hipodámico








Templo de Zeus Olímpico (Atenas, Grecia)


Estrutura arquitrabada que equilibra a proxección vertical do monumento
Altar de Zeus
(180 a.C.)

Altar de Zeus no Museo de Pérgamo. Berlín




ESCULTURA GRIEGA



A escultura acadou unha enorme importancia na arte grega (novidades e avances). Exercería unha gran influencia na escultura dos estilos artísticos posteriores.

Como características xerais destacan:



Búsqueda da beleza, baseada como na arquitectura na proporción e no equilibro das partes (canon): a medida do pulgar ou da cabeza como referencia.

***Naturalismo**: o realismo debe acadarse mediante a razón e a experiencia (Beleza Racional). Intenta reproducir a natureza, pero buscando crear tipos ideais.*

***Estudo do corpo humano**: antropocentrismo. Sutil equilibro entre a beleza física exterior e os sentimentos. Temática repetitiva, o corpo humano.*

*A escultura foi **evolucionando**, buscando a expresión, o volume ou o movemento, dende a época arcaica (esquemáticas e ríxidas), ata o realismo da época clásica e a esaxeración do período helenístico.*

•Os materiais máis empregados foron o bronce e a mármore (esta moi axeitada para representar a anatomía humana). No caso das representacións rituais da divinidade, eran crisoelefantinas (marfil, ouro e prata)



•As esculturas de pedra estaban policromadas.









Os bronces de Riace:

guerreiros







Evolución da escultura grega

Los rostros






El cuerpo y el movimiento





A escultura arcaica (s. VII-480 a.C):







Kurós e koré:

AS KORAI



Dama de Auxerre. VII a.C



Hera de Samos. VI a.C



Koré do Peplo. VI a.C



Koré de Antenor. VI a.C



Cariátide do Erecteion, actualmente no British Museum. s. V a.C.

Reconstrucción moderna de
Korai, intentando mostrar
O aspecto da policromía orixinal.



OS KUROI

Os xemelgos délficos
Cleobis e Betón. VII a.C.





O Moscóforo. VI a.C.



Kouros de Anavyssos. VI a.C.





Xinete Rampin. Museo da Acrópole de Atenas. s. VI a.C. Cabeza orixinal no Louvre.

A escultura clásica:

•Co paso do tempo, a escultura avanzou cara ao naturalismo:

-Abandónase a frontalidade. Conséguese un movemento máis natural, elimínase a rixidez arcaica e dótase á figura de maior equilibro e harmonía.

-Os rostros presentan unha expresión máis serea, e os cabelos e as ropaxes un tratamento máis naturalista: apariencia de vida e liberdade.

-Trabállase mellor a anatomía humana, chegándose á máxima perfección (beleza ideal)



- O clasicismo subdivídese en tres etapas:
- **PRIMEIRO CLASICISMO OU SEVERO**
- **CLASICISMO PLENO**
- **CLASICISMO DO SÉCULO IV a.C**







Obras representativas do estilo severo ou fase de transición ao clasicismo son "O auriga de Delfos", o "Trono Ludovisi" ou os relevos do Frontón do Templo de Afaia en Exina















Nacemento de Afrodita, relevo principal do Trono Ludovisi

Relevos do Frontón do Templo de Afaia en Exina



Detalle do Frontón do Templo de Afaia en Exina. S. V a.C.





Frontón occidental do templo de Zeus en Olimpia. s. V a.C. Estilo Severo

Critios. Estilo Severo



O Efebo



Os tiranicidas





Os bronces de Riace: inexpresividade do rostro

A escultura clásica

Mirón

- Racha coas convencións da época arcaica e dotou de movemento ás figuras, ainda que non de expresión nin de estudo psicolóxico.

- O seu principal mérito consistiu en representar o **corpo humano en tensión**, con posturas forzadas nun equilibro inestable, polo que o tratamiento da anatomía humana é exquisito.

- Foi especialmente coñecido como broncista. Entre as súass obras destacan o ***Discóbolo*** (450 a.C.), e o grupo de *Atenea e o sátiro Marsias*.





Discóbolo. Museo Nacional de Roma. Palazzo Massimo. Copia romana do s. I d.C.



Reproducción romana en bronce do Discóbolo. S. II d.C.



















Outras obras de Mirón







En todo caso, con Mirón podemos dicir que comeza formalmente o **CLASICISMO** na escultura grega.

Ao igual que na arquitectura, a época clásica é a Idade de Ouro da escultura grega antiga.

Agora chégase a un pleno dominio técnico das figuras, creándose os tipos ideais de Home e Muller.

Acádase, polo tanto, a "beleza ideal", sometida ás proporcións dun corpo humano perfecto.

O escultor clásico domina agora o naturalismo, busca a xusta medida e o equilibro das proporcións a través dunha norma ou CANON (a proporción da figura humana segundo unha lei matemática).

Os principais escultores clásicos son POLICLETO E FIDIAS (s. V a.C) e PRAXITELES, SCOPAS e LISIPO no s. IV a.C.



Autores: Policleto











A escultura clásica. Policleto

- Naceu en Argos cara o 480 a.C., e pasou á historia da arte por un tratado artístico, ao que os antigos llamaron *Canon ("A Norma")* e que, desgraciadamente,non se conserva (nel explicaba o seu sistema de simetría e de proporcións aplicadas ao corpo humano) .
  Policleto foi rival doutro gran xenio da escultura, Fidias.

- Para Policleto a beleza identifícase coa **proporción** e elaborou unha serie de regras:

  - O corpo humano debía ter unha altura igual a sete cabezas e 2/3. dividiu o rostro en 3 partes iguais: fronte, nariz e dende a nariz ao mentón

  - Outra das aportacións de Polícleto foi a introducción nas súas figuras do ***contraposto***, movemento harmónico do corpo



Policleto: *Doríforo*



Doríforo. Museo Arqueolóxico Nacional de Nápoles. Copia romana en mármore do bronce orixinal.







CANON DE POLICLETO



É conveniente que a cabeza sexa a sétima parte da altura total da figura, o pé tres veces a lonxitude da palma da man; mentres a perna,desde o pé ata o xeonllo, deberá medir seis palmos e a mesma medida haberá tamén entre o xeonllo e o centro do abdome.

Kanon (Policleto)























Obras nas que influiría o Doríforo



O Doríforo



Augusto de Prima Porta



O David (Miguel Anxo)

Entre as escasas obras de Polícleto, ademais do Doríforo, destaca o "***Diadúmenos***", ou xove atleta triunfador que se ata sobre a fronte a cinta da victoria.









Amazona Ferida. Policleto. Museo Capitolino



Discóforo. Policleto. British Museum

A escultura clásica: Fidias



Considéraselle como o artista que encarna de maneira máis clara o ideal de beleza clásica. Foi tamén arquitecto e director das obras de reconstrucción da Acrópole de Atenas.

Podemos dividir as súas obras en dous grupos:

Obras exentas: realizou varias estatuas da deusa Atenea, sendo a máis relevante *a Atenea Parthenos*. Outra obra coñecida de Fidias é a estatua sedente do *Zeus Olímpico.*

Os relevos do Partenón: Fidias foi o responsable da decoración escultórica do Partenón de Atenas.



Atenea Parthenos





Estatua de Zeus en Olimpia.





Xunto a un grupo de colaboradores, Fidias realizou os relevos que decoraban o Partenón: os dous frontóns, as 92 metopas do entaboamento e o friso corrido de 200 metros.



Friso das Panateneas: a procesión relixiosa na festa da Deusa.

Trátase dun friso corrido (unha excepción nun templo dórico). Representa a un grupo de doncelas levando ofrendas á deusa Atenea



Procesión das Panateneas



O banquete dos deuses



A obra de Fidias influirá claramente noutro importante relevo escultórico romano: o **Ara Pacis** (época do emperador Augusto Octavio)



Frontóns: Represéntase o nacemento de Atenea, e a loita entre Atenea e Poseidón, respectivamente.















***Fidias**: Metopas da centauromaquia*









LITH. ANST. V. J. G. FRITZSCHE IN LEIPZIG.

DORISCHES GEBÄLK.

VERLAG VON E. A. SEEMANN IN LEIPZIG.












Métopa sur XXVII, centauro e lapita.

















No s. IV a.C, camíñase cara ao helenismo. É unha época de cambios. As polis entran en decadencia política.

A escultura grega evoluciona cara a incorporación de temas anecdóticos que buscan o movemento e a representación dos sentimentos (pathos)

Importa a expresividade do rostro. Os deuses fanse máis humanos, as formas anatómicas máis brandas e alóngase o canon escultórico.







A escultura clásica do s. IV a.C

Praxíteles



É, xunto con Scopas e Lisipo, o representante do clasicismo tardío do s. IV a.C. Praxíteles foi un dos escultores máis coñecidos e copiados da Antigúidade.

Esculpe deuses humanizados, en posturas cotiás ou indecentes, buscando a tenrura, o humor, a sensualidade, o erotismo ou a languidez. Esculpe de forma suave as anatomías, sen recalcar demasiado a musculatura, creando superficies pulidas e suaves.

Figuras alongadas e en desequilibro. Caracterízase polo sutil e refinado das súas formas, e pola chamada ***curva praxiteliana (***o corpo forma unha especie de S, dando sensación de abandono, de relaxamento)

As figuras arquean suavemente o seu corpo buscando un punto de apoio alleo, o que as obriga a dobrar unha perna para apoiarse na outra e arquear a cadeira. Praxíteles utiliza obxectos (troncos, columnas ou ánforas) para diminuir o desequilibro.

Ademais, as figuras teñen expresión nos rostros e xiran a cabeza buscando coa mirada obxectos ou outros personaxes da escena.

A curva praxiteliana na arte occidental





Entre as súas obras destacan ***Hermes con Dionisos, A Venus de Cnido*** e ***Apolo Sauróctono.***









Hermes co Neno Dioniso. Praxíteles.
Museo Arqueolóxico Nacional de Olimpia.



¿Qué vemos?

¿Personaxes?:

Un adulto espido á maneira clásica (Deus ou atleta), e un neno no seu brazo.

¿Quen son?

O Deus Hermes ou Mercurio adulto, e o deus Dionisos de pequeno

¿Qué están a facer?

Parece que o neno mira para o outro deus, cara algo que debe ter na outra man (desaparecida), algún obxecto co que xogar… pensa que lle gustaría coller a Dionisos, se este era o deus do viño…

¿Qué máis vemos na escena?

Un obxecto vertical, oculto por un manto con plegues…¿un tronco de árbore?

¿Qué material se utilizou para esta obra?

Claramente, mármore (copia romana?)

¿Qué destaca na composición?

O contraposto nas pernas e unha liña ou curva sinuosa no corpo de Hermes.












ΡΩΜΑΪΔΑΙ

PRAXÍTELES: AFRODITA DE GNIDO









PRAXÍTELES: APOLO SAURÓCTONO E SÁTIRO EN REPOSO





A escultura clásica do s. IV a.C



Scopas:

- **Con Scopas desaparece a serenidade clásica** para dar paso a temas tráxicos e personaxes atormentados e apaixonados.

- Busca sentimentos dramáticos mediante movementos violentos e figuras contorsionadas.

- ***Quere expresar a anguria e a dor***

- ***Consegue o patetismo grazas ao tratamento dos rostros:*** a disposición do entrecello e dos ollos, profundamente tallados **,** e coas pupilas dirixidas cara ao alto, e as caras redondas e rotundas

- ***Entre as súas obras destacan: A cabeza de Meleagro, a Ménade danzante e a decoración do friso leste do Mausoleo de Halicarnaso.***







SCOPAS: MÉNADE DANZANTE



A escultura clásica do s. IV a.C



Lisipo:

- **Era o escultor preferido de Alexandre Magno** (o único que podía facer os retratos oficiais do rei macedonio)
- Representa unha ponte entre o clasicismo e o helenismo
- ***Interésanlle os distintos estados de ánimo nas súas figuras*** (sono, furor, medo, desexo, embriaguez….). Por outra banda, trata as súas obras con gran precisión e detallismo, sen renunciar ao violento e ao axitado.
- ***Lisipo adoptou o canon de Polícleto***, pero modificando as proporcións clásicas. O canon de Lisipo aumenta nunha cabeza (8), alongándose as figuras
- ***As súas figuras independízanse, amosándolle ao espectador unha visión múltiple.***



Apoxiomeno. Lisipo.
Museo Pio-Clementino. Vaticano. Copia romana do s.I d.C. do orixinal grego en bronce.

¿Qué vemos?



¿Personaxes?:

Un mozo, espido (pode ser un deus ou un atleta da época clásica..

¿Quen é?

Polos xestos, recorda máis a un atleta normal e corrente, que a unha divinidade

¿Qué está a facer?

Extende un dos brazos cara diante, e co outro, fai algo cun obxecto (vese un mango…) sobre o brazo extendido. Se é un atleta, está practicando deporte..ou facendo algo despois do exercizo?

¿Qué máis vemos na escena?

Detrás do mozo, algo semellante a un anaco de columna ou tronco…

¿Qué material se utilizou para esta obra?

Claramente, mármore (copia romana)

¿Qué destaca na composición?

Corpo máis estilizado e alongado que con Praxíteles. Marcado contraposto





"estrígilo" ou raspador





Canon de Lisipo: 8 cabezas





LISIPO: *Apoxiomenos*











Outras obras de Lisipo: Ares Ludovisi









A escultura helenística



- Caracterízase por un naturalismo pleno (representa a realidade no seu estado máis puro). Abondan os espidos. Aumenta a expresividade dos rostros.
- Recóllense tódolos aspectos da vida: paixón, dor, violencia, fealdade, patetismo, corpos decrépitos….
- Este tipo de representacións recordan a Scopas e darán lugar a novos temas como o retrato (que influirá no retrato romano)
- Os movementos son esaxerados e teatrais, facéndose a escultura máis barroca.
- O interese dos artistas segue centrándose na anatomía, con representacións de forte claroscuro e gran dramatismo e beleza ao mesmo tempo.
- Nas composicións abondan as formas piramidais e os movementos en espiral, para que o espectador rodee a obra e aprecie distintos puntos de vista. Fanse obras para ser expostas en público, intentando sorprendernos e asombrarnos.
  Xurden distintas escolas escultóricas: Rodas, Pérgamo, Atenas….

Venus de Milo









Escola de Alexandría: Alegoría do Nilo



Escola de Pérgamo: Monumento a Atalo I



Escola de Pérgamo: Relevos do Altar de Zeus





Escola de Rodas: Fauno Barberini



Escola de Rodas: Victoria de Samotracia





Escola de Rodas: Laooconte e os seus fillos







Escola de Rodas: O touro Farnesio



Escola de Atenas: Torso Belvedere e Puxilista



